

ACTA DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIJO, DE NOVE VACANTES DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE CURTIS DO ANO 2020 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Sendo as 08:30 horas do día 22 de outubro de 2021, reúnense nas oficinas municipais sitas en Curtis os membros que forman parte do Tribunal Cualificador designado por Resolución da Alcaldía n.º 586/2021 de data 15/09/21, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido.

Constitúen dito Tribunal:

- Presidente: José Luis Barca Añón, xerente do Consorcio Provincial contra Incendios.
- Vogais: José Ramón Díaz Martínez, axente forestal distrito II Bergantiños-Mariñas Coruñesas.
- Marta Mª Roca Souto, persoal laboral fixo da administración local.
- Luis García Vázquez, persoal laboral fixo da administración local.
- Secretario: Óscar López Figueroa, funcionario de carreira de administración local.

Procédese á elaboración do segundo exercicio do proceso selectivo de acordo ao establecido pola base décima do mesmo, isto é:

"4. A FASE DE OPOSICIÓN constará de dous exercicios, un tipo test e outro de desenvolvimento dunha proba práctica relativa ás funcións do posto, ambos de carácter obligatorio e eliminatorio, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obligatoria para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requerido.

A proba práctica consistirá do desenvolvimento e execución dun suposto práctico proposto polo tribunal nun tempo máximo de quince minutos. O exame práctico terá unha puntuación máximo de 10 puntos, tendo que alcanzar 5 para entendelo superado."

Únese á presente acta, como anexo I o suposto práctico proposto aos aspirantes, así coma os criterios de corrección acordados e a súas puntuacións.

Faise constar na acta a petición dos membros do tribunal que a motoserra establecida para a proba é nova, polo que realiza a súa estrea por parte dos aspirantes.

Sendo ás 09:00 horas, procédese ao chamamento dos aspirantes de acordo ao establecido polas bases, así coma a súa identificación por medio da presentación do DNI.

O chamamento comeza a realizarse pola orde alfabética segundo a primeira letra do apellido, comenzando pola letra que resulte do sorteo ao que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma do 20 de marzo de 1991, que para este 2021 é a letra "Y", segundo a Resolución de 29 de xaneiro de 2021 (DOG nº 24 05/02/21).

Realizado o chamamento, constan coma presentados e non presentados os seguintes aspirantes:

DNI	Apelidos e Nome	Asiste
*981B	Carballeira Orjales, Joel	SI
*695X	Conde Fernández, Jesús Manuel	SI
*890F	Corral Corral, Emilio José	SI
*459L	García Varela, José Antonio	SI
*359B	Morandeira Vázquez, David	SI
*774A	Pato Presedo, Miguel	SI
*103M	Pedreiro Cebral, Brandán	SI
*223S	Prieto Rivas, Javier	SI
*878D	Rocha Sánchez, José Manuel	SI
*214Y	Rodríguez Aguín, Mª Antía	SI
*969P	Sánchez López, Pablo	SI
*614W	Sánchez Seoane, Secundino	SI
*679G	Vázquez Díaz, Emilio	SI
*393J	Vigo Sánchez, Abel	SI

Os aspirantes son trasladados ao salón dunha nave anexa a onde se realizarán as probas, onde se lles da explicación do procedemento a seguir para o desenvolvemento da proba práctica. Así, os aspirantes esperarán a súa queda no devandito salón, onde serán chamados de xeito individual para realizar a proba.

Co fin de preservar a igualdade de condicións no desenvolvemento da proba, os aspirantes restantes deberán agardar a súa quenda no salón de actos, informando tamén que queda prohibida a utilización de dispositivos electrónicos, tanto durante a espera no salón de actos coma durante a execución da proba práctica, facendo constar que aquel que incumpra dito acordo será expulsado da proba e calificado coma NON APTO.

Antes de comezar a proba práctica os aspirantes reciben de xeito verbal a información necesaria para poder resolver o suposto práctico, concedendo o tempo que consideren oportuno para a realización das cuestións que así consideren, xa que o tribunal acorda que durante o desenvolvemento da proba non se resolverá cuestión algúna.

Unha vez finalizada a proba, e logo da deliberación do Tribunal, tendo en conta os criterios de corrección anteriormente acordados, resultan as seguintes puntuacións:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
*981B	Carballeira Orjales, Joel	3
*695X	Conde Fernández, Jesús Manuel	7,5
*890F	Corral Corral, Emilio José	5,5
*459L	García Varela, José Antonio	6
*359B	Morandeira Vázquez, David	4
*774A	Pato Presedo, Miguel	5,5
*103M	Pedreiro Cebral, Brandán	6
*223S	Prieto Rivas, Javier	5
*878D	Rocha Sánchez, José Manuel	5,75
*214Y	Rodríguez Aguín, Mª Antía	4
*969P	Sánchez López, Pablo	6,25
*614W	Sánchez Seoane, Secundino	5
*679G	Vázquez Díaz, Emilio	7,25
*393J	Vigo Sánchez, Abel	5,5

A base décima tamén establece a necesidade de realizar a proba de galego para todos aqueles aspirantes que non teñan acreditado con anterioridade o CELGA.

"5. PROBA DE GALEGO. Os/as aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requerido deberán realizar unha proba que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo

máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal acorde ás características funcionais da vacante convocada.

Os/as aspirantes serán cualificados como apto/a ou non apto/a; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acadan a cualificación de aptos."

Dado que todos os aspirantes acreditaron no seu momento o título están exentos da proba de galego.


Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para efectuar as alegacións que estimen oportunas contra as puntuacións do segundo exercicio.

Logo das puntuacións do segundo exercicio, as puntuacións da fase de oposición queda da seguinte maneira, coas puntuacións dos aspirantes que superaron dita fase:

ORDE	DNI	Apelidos e Nome	1ª proba	2ª proba	Total
1	*695X	Conde Fernández, Jesús Manuel	7,625	7,5	15,125
2	*679G	Vázquez Díaz, Emilio	8,5625	7,25	15,8125
3	*459L	García Varela, José Antonio	7,875	6	13,875
4	*890F	Corral Corral, Emilio José	8,1875	5,5	13,6875
5	*969P	Sánchez López, Pablo	8,5625	6,25	14,8125
6	*878D	Rocha Sánchez, José Manuel	8,625	5,75	14,375
7	*774A	Pato Presedo, Miguel	8,6875	5,5	14,1875
8	*393J	Vigo Sánchez, Abel	8,125	5,5	13,625
9	*614W	Sánchez Seoane, Secundino	8,5	5	13,5
11	*223S	Prieto Rivas, Javier	6,625	5	11,625
13	*103M	Pedreiro Cebral, Brandán	5,0625	6	11,0625

As puntuacións totais do procedemento serán establecidas na acta de resolución de alegacións da fase de concurso, a cal atópase todavía en prazo.

Sendo as 14:00 horas, levántase a sesión, en Curtis, 22 de outubro de 2021.


O presidente


O secretario


Os vogais

SUPOSTO PRÁCTICO: CRITERIOS DE CORRECCIÓN

2ª EXERCICIO PROCESO SELECTIVO DE 9 VACANTES DE PEÓN DO GES DE CURTIS

Hoxe, día 22 de outubro de 2021, na Base do GES de Curtis, recíbese unha chamada alertando sobre unha saída da calzada dun turismo nunha pista municipal do termo municipal de Curtis.

Atópase vostede fóra da súa quenda de traballo coma peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal. Por necesidades do servizo, recibe vostede unha chamada do responsable do servizo indicándolle que dado que é a persoa que máis cerca se atopa, debe comparecer no lugar do sinistro coa maior brevidade posible.

Dada a premura da situación, chega vostede en primeiro lugar ao lugar do sinistro. Pode vostede observar coma o turismo obxecto do sinistro atópase fora da calzada cun poste de madeira de telefonía derrubado encima do vehículo, o que impide que a vítima poda saír polos seus propios medios. Ademais, observa coma comeza a sair fume da zona do motor.

Os sanitarios xa se encontran no lugar do sinistro e procederon á inmovilización da vítima, a cal atópase consciente.

Rápidamente comparece un novo compañoiro co camión de intervención. Dado que vostede chegou directamente sen pasar pola base, en primeiro lugar deberá seleccionar o EPI e o material apropiado para iniciar a intervención.

Debe ter en conta que disporá dun total de 5 minutos para resolver a proba práctica, tendo en conta que a pregunta 1 e o apartado 2 da pregunta 2 terán un máximo dun minuto e medio. Os restantes apartados da pregunta 3 poderá administrálos baixo a súa consideración, tendo en conta o total de 5 minutos da proba completa.

Pregunta 1: Valorarase sobre un total de **2 puntos**. Deberá seleccionar os EPIS adecuados para proceder á intervención. Por mor da ausencia de tallaxe para todos os aspirantes e a aplicación dos protocolos COVID-19, o aspirante simplemente deberá seleccionar os EPIS que considere necesarios, os cales estarán expostos nunha mesa, e deberá separalos e deixalos noutra mesa instalada a tal efecto.

O aspirante disporá dun total dun minuto e trinta segundos. A puntuación ponderarase da seguinte maneira:

- Se o aspirante selecciona todos os EPIS correctos no tempo dun minuto ou menos, recibirá a puntuación completa (2 puntos).
- Se o aspirante selecciona todos os EPIS correctos excedendo dun minuto e por debaixo do minuto e trinta segundos, a puntuación reducirase un 50%, polo que recibirá 1 punto.
- Se o aspirante non selecciona todos os EPIS adecuados no tempo establecido, ou ben, os selecciona incorrectamente, non recibirá puntuación algúnhia.

A solución consistirá na selección das seguintes EPIS: Casco F1, cubrepantalón e chaqueta de intervención, guantes de intervención, verdugo, botas de intervención e ERA completo.

Unha vez xa conta con todo o equipo de intervención adecuado posto, debe comezar os traballos de intervención co fin de socorrer a vítima. Contará coa axuda do compaño que apareceu co camión de intervención, se ben debe ter en conta que dita persoa non conta cos coñecementos necesarios polo que simplemente o axudará en aquello no que llo solicite.

Pregunta 2: Debe seleccionar o material necesario para proceder á intervención e indicar cómo priorizaría as diferentes actuacións, tendo en conta que o fin último é a excarcelación da vítima.

Dita pregunta constará de 3 apartados:

Apartado 1 (Puntuación total: 1 punto)

Puntuación: Cada obxecto seleccionado correctamente recibirá unha puntuación de 0,50 puntos, debendo indicar nesta etapa os seguintes pasos:

a) Alertar ao 112 indicando a situación.

b) Seleccionar do camión de intervención os seguintes obxectos coa finalidade de proceder á extinción do lume do motor provocado pola caída do poste telefónico: Lanza de 25 e carrete de pronto socorro. No caso de que escolla unha mangueira das que dispón o camión no lugar do carrete, a puntuación reducirase un 50%. Procederese de igual xeito no caso de que seleccione materiais incorrectos, aplicando neste caso a reducción do 50% sobre a puntuación total obtida no presente apartado.

Apartado 2 (Puntuación total: 3 puntos)

O aspirante deberá proceder á corta do poste de madeira que está encima do vehículo antes de proceder á excarcelación do accidentado. Para elo, deberá escoller por un lado a protección adecuada para a utilización da máquina de cortar adecuada. Por unha neglixencia dun compaño doutra quenda, a máquina quedou desmontada, polo que deberá montar a cadena e a espada, para o cal se facilitarán guantes de traballo.

O tempo para a montaxe da máquina será dun minuto. Se o aspirante é capaz de realizar a montaxe nun minuto recibirá 3 puntos; se é capaz de realizar a montaxe nun minuto e medio, recibirá 1,5 puntos. No caso de que non sexa capaz ou supere o minuto e medio, non recibirá puntuación algúna.


No caso de que non supere dito apartado, se lle informará unha vez superado o minuto e medio, da aparición dun veciño cunha máquina de cortar co fin de que continue o exercicio.

Apartado 3 (Puntuación total: 1,5 puntos)

Unha vez que a máquina de cortar está montada, deberá escoller do camión de intervención os materiais necesarios para proceder á excarcelación da vítima. Así, ao igual que no apartado 1, recibirá 0,50 puntos por cada material escollido correctamente. Neste caso, o aspirante deberá escoller, como mínimo, a bomba de excarcelación, o separador multiusos e a cizalla. No caso de que elixa unha ferramenta incorrecta, a puntuación reducirase un 50%.

Puntuación 2,5 puntos

O tribunal cualificador valorará a claridade dos coñecementos demostrados durante a execución da proba práctica, a orde e claridade das ideas, a boa execución, a rapidez e a exposición dos coñecementos requeridos, a correcta orde e utilización dos materiais, así coma o correcto uso do compaño proporcionado.

A series of three handwritten signatures in blue ink. The first signature on the left is a stylized 'J'. The middle signature is 'Ramon' enclosed in a large oval. The third signature on the right is 'J. Soto'.